



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

ANO 2025

### INTRODUCCIÓN

O galego conéctanos cunha comunidade de case 260 millóns de persoas que falan portugués, xa que a intercomprensión entre ambas as linguas é posible sen necesidade de mediación. O portugués é a lingua de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a Unión Europea, así como a lingua oficial de 11 estados, o idioma máis falado no hemisferio sur.

Por esta razón, o Parlamento de Galicia aprobou a **Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, a Lei Valentín Paz Andrade**. Ademais, ao longo dos últimos anos, a Xunta de Galicia puxo en marcha diferentes iniciativas, fundamentalmente no ámbito económico, dirixidas sobre todo ás empresas galegas, así como no eido do ensino deste idioma.

Neste informe realizarase unha radiografía completa de todas as iniciativas postas en marcha no ano 2025 novas ou como continuación ás postas en marcha en anos anteriores por parte da Xunta de Galicia para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos co mundo lusófono.

### RESUMO

Para facermos o balance anual dos avances na aplicación da **Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía, a Lei Valentín Paz**, destacaremos a importancia de que este ano Galicia ostente a **presidencia da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal**, o traballo do **Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade**, a relevancia do ensino da lingua portuguesa ou as liñas de actuación da Xunta de Galicia no ámbito da cooperación científica, cultural e pedagóxica, na educación, universidades e investigación.

Así mesmo, faremos referencia ao **Plan de acción para o ingreso na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa**, ás accións no marco da Lei 10/2021 da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, do Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia e da Lei Paz Andrade. Tamén destacaremos as actividades formativas vinculadas á lusofonía da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Escola Galega de



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

### ANO 2025

Administración Pública e os proxectos da Secretaría Xeral da Lingua no ámbito da cultura, as artes escénicas, musicais e audiovisuais, divulgativas e comunicativas, incluídas as colaboracións co sector audiovisual portugués e coa Rádio e Televisão Portuguesa.

### ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

#### 1. Presidencia da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

En outubro de 2024 , o presidente da Xunta asumiu a presidencia rotatoria da comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal con ganas de seguir traballando por esta Eurorrexión con máis de 30 anos de éxitos e máis de seis millóns de habitantes e coa vista posta en dous retos principais: a alta velocidade e o estatuto dos traballadores e as persoas traballadoras transfronteirizas.

Neste ámbito cómpre destacar proxectos como o **Iacobus**, que **fomenta a colaboración entre universidades e centros de investigación** a ambos os lados da fronteira, programa do que se beneficiarán o Centro Tecnolóxico de Acuicultura (Ribeira) e o Centro de Interface Tecnolóxico e Industrial (Arcos de Valdez).

#### 2. Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade

O Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade constituíuse como un instrumento para avanzar nas tradicionais relacións de Galicia con Portugal e nas formas de institucionalización destes vencellos, tivo a súa sesión inaugural o 29/10/2024 e o 11/04/2025 tivo lugar a segunda sesión plenaria, na que se aprobou o seu regulamento de funcionamento interno e constituíronse tres comisións de traballo:

- **Comisión de Interior** (comisión de análise da situación da lingua portuguesa en Galicia)
- **Comisión de Proxección Exterior** (comisión de análise de proxección da lingua galega nos territorios da lingua portuguesa)



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

### ANO 2025

- **Comisión de Proxección Institucional** (comisión de proxección institucional de Galicia no eido da lusofonía)

Canto á súa composición, forman parte do Observatorio da Lusofonía a Administración xeral do Estado, a Administración portuguesa e os observadores consultivos en Galicia da CPLP. Ademais, tamén forman parte da entidade a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT GNP), (Fegamp), o IGADI, a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais de Galicia-Norte de Portugal, "Ponte... nas ondas", así como outros organismos.

O Observatorio configúrase como un **órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de lusofonía** no que, a través da vinculación lingüística, preténdese ir máis aló da comunicación entre idiomas comúns, para utilizar esta como soporte para todo tipo de intercambios, nos planos cultural, académico, económico e comercial, lecer e calquera outro no que Galicia poida desenvolver actuacións de interese respecto de calquera territorio da área da lusofonía.

### 3. Ensino da lingua portuguesa en Galicia

No curso 2025/2026 o alumnado matriculado en materias de lingua portuguesa no ensino xeral é de 6.389 alumnos e alumnas distribuídos en 100 centros educativos e nos distintos niveis da ESO, Bacharelato e ciclos formativos.

No que respecta ao ensino da lingua portuguesa debemos destacar :

- **As seccións bilingües** en portugués, mediante organización do ensino dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica.
- **Os/as auxiliares de conversa en lingua portuguesa.**
- **O programa de Lingua e Cultura Portuguesa**, unha iniciativa enmarcada no espazo de cooperación institucional existente entre España e Portugal a aprendizaxe da lingua portuguesa.
- **O programa Cuale** para a formación complementaria en linguas estranxeiras do



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

### ANO 2025

alumnado como preparación para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas.

- **O programa Galemundo** para favorecer a igualdade de oportunidades para que a comunidade escolar mellore a aprendizaxe de linguas estranxeiras, así como a internacionalización dos centros educativos.
- **O programa Eduexchanges** que promove intercambios entre alumnado de colexios e institutos de distintos países.
- **O programa Axudasle** que posibilita estadias lingüísticas en países estranxeiros para alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, durante o período non lectivo do verán.
- **O programa Escolas de Fronteiras**, en colaboración coa Organización de Estudos Iberoamericanos (OEI) cuxo obxectivo é poñer en relación escolas de ambos lados da fronteira, de maneira que realicen proxectos bilaterais.
- **O programa Piale para o profesorado** destinado a mellorar a súa competencia lingüística e comunicativa en portugués.
- **O programa Camões Júnior para o alumnado** que lle dá acceso ao alumnado ás certificacións A1, A2 ou B1 en lingua portuguesa.
- **O programa Maletas Viaxeiras en Portugués** nas bibliotecas escolares, a través dos cales se facilitan máis de 70 títulos en portugués.
- **O Plan Internacional de Lectura** a través do cal o Instituto Camões dotou algunhas das bibliotecas dos centros galegos pertencentes á rede CEPE de obras clásicas adaptadas da literatura portuguesa dentro do seu plan internacional de lectura para o alumnado do profesorado da rede de Coordenação de Ensino Português em Espanha.

### 4. Outras colaboracións

Para alén das múltiples iniciativas e programas sinaladas enriba, podemos destacar outras:

- **As colaboracións entre as industrias creativas portuguesas e a Agadic** para



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

### ANO 2025

fomentar a produción audiovisual conxunta.

- A **cooperación universitaria** cos países da lusofonía a través da **Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (FCEER)**.
- A **cooperación transfronteiriza** luso-galega como un exemplo de cooperación exitosa en Iberoamérica en multitude de foros, para organizacións como a **Asociación de Rexións Transfronteirizas Europeas (ARFE)** ou a **iniciativa Innovact**.

### 5. Liñas de actuación da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia ten en marcha diversas liñas de actuación no ámbito da cooperación científica, cultural e pedagóxica, da educación, as universidades e a investigación, así mesmo, resultan relevantes as actividades formativas vinculadas á lusofonía da Escola Galega de Administración Pública. Tamén cómpre facer referencia aos proxectos vinculados á lingua, a cultura, as artes escénicas, musicais, audiovisuais, divulgativas e comunicativas tanto da propia Secretaría Xeral da Lingua, como da Dirección Xeral de Cultura e as colaboracións co sector audiovisual portugués a través da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

#### 5.1. Ámbito cultural

No ámbito cultural debemos facer especial referencia ao **Proxecto Nortear** que procura promover iniciativas conxuntas que impulsen novos talentos, fomenten os intercambios e melloren o coñecemento recíproco da cidadanía de ambos os lados da raia e dentro do que se devolveron no último ano actividades tan significativas como as seguintes:

- **Exposición Nortear**, que este ano se denominou "Unha Árbore de Historias: Cen Anos de Literatura Infantil e Xuvenil en Galego" e acolleu a Biblioteca Municipal Camilo Castelo Branco, en Vila Nova de Famalicão.
- **Premio literario Nortear 2025** para escritoras e escritores mozos de Galicia e do Norte de Portugal, ao que se presentaron 75 obras, e cuxa gañadora no 2025 foi



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

### ANO 2025

*Volta e Não Ser. Memórias de uma raia interior*, de Diana Teixeira

- **Residencias artísticas Nortear**, unha iniciativa destinada a fomentar a creación artística e a fortalecer os lazos culturais entre ambos os lados da fronteira
- **Presentación da nova creación transdisciplinar Nortear** que este ano deu lugar a adaptación ilustrada da obra gañadora da 3.<sup>a</sup> edición do Premio Literario Nortear, *34, Rue Saint Jacques*, da autoría de Cecilia Fernández Santomé.
- **Conversas Nortear** que tiveron lugar na Feira do Libro de Vila Real, o día 27 de setembro e cuxo obxectivo principal é favorecer o coñecemento mutuo e a circulación das diversas expresións culturais existentes en ambos territorios, creando dinámicas compartidas e redes de colaboración entre autores/as, públicos e institucións.

### 5.2. Colaboracións concretas da Xunta de Galicia en diversos ámbitos de cooperación

#### Cooperación no ámbito da educación, as universidades e a investigación

No ámbito da educación, as universidades e a investigación destacan os **convenios de colaboración para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas con universidades de Brasil e Portugal**, a existencia de departamentos de lingua e cultura galegas en universidades de países lusófonos e diversos proxectos de desenvolvemento e cooperación en Guiné Bissau, Cabo Verde, Angola etc.

#### Cooperación no ámbito da música e da danza

No **ámbito da música e da danza** destacan iniciativas con Portugal como **Atopémonos Bailando 2025**, que é un programa de residencias artísticas e de investigación que celebra este ano a súa cuarta edición. Tamén está o programa **Foco Galicia Danza da 33.<sup>a</sup> Quinzena de Dança de Almada** é un festival que se realiza anualmente dende 1992, e que inclúe a Plataforma Coreográfica Internacional, un punto de encontro no que participan coreógrafos, bailaríns e programadores de todo o mundo.



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

ANO 2025

O **Foro Luso-Galego de creatividade e coprodución audiovisual** é un encontro anual entre representantes de empresas produtoras audiovisuais co fin de aumentar a coprodución internacional entre ambos territorios de obras para cine e televisión organizado pola Axencia Galega de Industrias Culturais e o Instituto do Cinema e do Audiovisual de Portugal (ICA). Para o ano 2026 a Agadic e o ICA traballan na posta en marcha de fórmulas de financiamento que contribúan ao apoio de propostas comúns na fase inicial de desenvolvemento, de cara a fortalecer a colaboración entre autores a nivel creativo.

### 5.3. Actividades formativas vinculadas á lusofonía da Escola Galega de Administración Pública

Canto ás actividades formativas vinculadas á lusofonía da Escola Galega de Administración Pública procúrase que as empregadas e empregados públicos poidan mellorar as súas competencias na comprensión e no uso da lingua portuguesa a través da súa oferta formativa. De feito, no ano 2025 rexistráronse un total de 1.833 solicitudes para o conxunto da oferta formativa en lingua portuguesa o que supón a taxa de demanda a máis elevada rexistrada desde que a EGAP inclúe a lingua portuguesa na súa oferta formativa, á que puideron acceder 315 empregados e empregadas públicas. Así mesmo, destacou a **novidade do curso de formación "Lingua portuguesa para postos de atención á cidadanía"**.

## 6. Proxectos no ámbito da lingua, a cultura, as artes escénicas, musicais, audiovisuais, divulgativas e comunicativas

### 6.1. Proxectos da Secretaría Xeral da Lingua

A maiores de todas estas liñas de actuación sinaladas ata o momento debemos destacar diferentes proxectos da Secretaría Xeral da Lingua como os seguintes:

- Colaboración nos actos do **138 Aniversario da Ponte que une o Norte de Portugal con Galicia**.
- Colaboración **10.º Festival Castro Galaico de Nogueiró** (Braga).



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

### ANO 2025

- **Certame Ari[t]mar** Galiza e Portugal.
- **Certame de Podcast e Relato Radiofónico Xosé Mosquera Pérez-O Vello dos Contos.**
- **Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística**
- **XI Festival Convergências Portugal-Galiza 2025.**
- Campaña publicitaria **"Portugués: amor a primeira vista"**.
- **Proxecto "Ponte... nas ondas!"**.
- Creación do **Centro de Estudos na Universidade Católica de Mozambique**
- **Proxecto do Decreto polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.**
- Creación da **Cátedra Carvalho Calero.**

### 6.2. Proxectos culturais vinculados á lusofonía da Dirección Xeral de Cultura

Para alén das liñas de actuación propias da Secretaría Xeral da Lingua, hai que destacar os **proxectos culturais vinculados á lusofonía da Dirección Xeral de Cultura**, entre os que destacan **varias coproducións** de ambas as beiras da raia que tiveron e terán funcións tamén en Galicia e Portugal, como *Manuel Rey is in da house*, a partir de textos de Manuela Rey e outros autores, *Territórios de liberdade* de Zé Paredes, *José Afonso, ao vivo nos coliseus, 1983*, a partir de textos de Lúcia Soares, Marta Figueiredo, Miguel Cardoso, Rui Pina Coelho, Susana Moreira Marques, *A Fortaleza* de Lorena Conde, *Somos Monstros* de Paula Carballeira, *Black Box* de Gabriel Calderón e Hugo Torres, *Os Pasadores* de Patricia Portela, *Ensaio Técnico* de Mickaël de Oliveira, así como **a Mostra Galiza en Coímbra** que terá lugar este mes e que é un escaparate da escena galega en Portugal, e **As Quintas do Camões**, un ciclo cultural para poñer en valor as raíces comúns entre o galego e o portugués, a través da representación de obras teatrais en lingua portuguesa e que tamén ten lugar ao longo do ano 2025.

Outras iniciativas son **festivais e programacións** como "Ocupação Minhota" que no mes de setembro levou adiante diversas programacións como teatro, conversas e obradoiros, e sobre o que xa existe unha previsión de propostas para a tempada 2026-2027 con



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

### ANO 2025

*Medea* a partir de textos de de Apolonio de Rodas, Pausanias, Higinio, Eurípides, Séneca, Lope de Vega, Calderón de la Barca, Francisco de Rojas, Manuel Lourenzo, Antonio José da Silva "O Judeu", Christa Wolf, Luz Pozo Garza e outros autores, *Rosas* a partir de textos de William Shakespeare, *A Gaivota* a partir de textos de Anton Chejov, o *Auto da barca do inferno* de Gil Vicente, *Aquí non paga ningún* de Darío Fo, *O Pío Latrocinio* a partir de textos históricos, *As quatro estações* de Miguel Torga.

### 7. Prioridades do Plan de acción para o ingreso na Comunidade de Países de Língua Portuguesa (CPLP)

Dentro do Plan de acción para o ingreso na CPLP establecemos diversas prioridades como as seguintes:

- **Fomentar a cooperación nos asuntos sociais e na saúde** e desenvolver proxectos entre a sanidade pública española e galega coa Rede de Institutos Nacionais de Saúde Pública da CPLP (RINSP-CPLP).
- **Potenciar a cooperación na área da investigación e a innovación cos países lusófonos**, a través da IA Consejo Asesor del PERTE para a Nova Economía das Linguas Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía (INL).
- **Impulsar instrumentos bilaterais cos países membros da CPLP** cos que aínda non existen e analizar iniciativas de cooperación multilateral.
- Na área do turismo, **priorizar a posta en valor dos Camiños de Santiago** e promover conxuntamente en mercados afastados os Camiños de Santiago e os Camiños de Fátima.
- **Favorecer e permitir a reciprocidade das emisións televisivas e de radio entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Portugal.**

No marco das Accións derivadas da Lei 10/2021 da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, do Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia e da Lei Paz Andrade destaca a **elaboración dunha nova Estratexia Galega de Acción Exterior para o período 2022-2026.**



## INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"

ANO 2025

### 8. Protocolo de colaboración especial Eixo Atlántico Galicia-Norte de Portugal

A formalización dun **memorando de colaboración entre o Centro Dramático Galego e o Teatro Nacional de São João** entre as estruturas escénicas públicas no ámbito da colaboración transfronteiriza entre Galiza e o norte de Portugal supón un paso estratéxico e necesario na consolidación dunha escena cultural que recoñeza a continuidade histórica, lingüística e simbólica entre ambos pobos. Coproducións teatrais, intercambios profesionais, residencias de artistas e programacións conxuntas teñen sido experiencias valiosas que deixan claro que existe un **tecido escénico compartido**, con públicos interesados a ambos lados da fronteira e un capital simbólico por potenciar. Cabe destacar entre as **numerosas coproducións** *Manuela Rey is in da house* (2023), *Frágua de amor* (2024) a triloxía ligada ao proxecto *Nos/Nous Tartufo* (2022) *Ifigenia* (2023) *Na hora dos cans* (2024) ou a **programación** *As Bruxas de Salem*, *Achadiço* e *Fado Alexandrino*.

De cara á tempada teatral 2026/2027, os proxectos de colaboración entre o Teatro Nacional São João e o Centro Dramático Galego consolidan unha liña de traballo que aposta pola coprodución internacional, a diversidade e o diálogo cultural.

### 9. A lusofonía na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG). Colaboración co sector audiovisual portugués e coa RTP

Existe unha colaboración coa TVG asentada e crecente materializada en múltiples proxectos, algúns institucionais e outros no eido da produción de contidos. No ano 2025 destaca **"Lume"** a **nova serie da TVG en coprodución coa RTP**. Así mesmo, a TVG foi galardoada polo seu labor divulgativo nos premios portugueses Vinhos do Atlántico que recoñecen a excelencia e a innovación do sector vitivinícola de Galicia e o norte de Portugal. Destaca especialmente tamén **"Ponte... nas ondas" un proxecto transfronteirizo, que cumpriu 30 anos neste 2025**. Así mesmo, os servizos informativos atenden con especial interese a axenda e acontecementos de actualidade en Portugal.

Por outro lado, naceu o **Foro das Industrias Culturais da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal**, como un espazo de encontro profesional, pensado en construír pontes, compartir coñecemento e impulsar proxectos conxuntos que fortalezan a cooperación cultural a ambos os lados da fronteira.



**INFORME SOBRE A APLICACIÓN DA LEI 1/2014 PARA O  
APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA  
LUSOFONÍA "PAZ ANDRADE"**

**ANO 2025**

En derradeiro lugar, é necesario mencionar que o Parlamento de Galicia lles entregou recentemente aos alcaldes de Porto e Braga a medalla que recoñece a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal, como símbolo desta alianza de cooperación transfronteiriza na que se traballa decotío.